

MERDEIR



ENTROIDO 2014

3º CICLO

CEP PLURILINGÜE  
IGREXA- VALADARES

Le o seguinte artigo e contesta as preguntas que se propoñen a continuación

### "Merdeiros" de Vigo



Esta noticia de *Máis Alá* éncheme de ledicia. A volta dos "Merdeiros" a máscara tradicional do Berbés é unha das miñas vellas teimas. Hai sete anos, publiquei o primeiro artigo no Faro sobre esta máscara viguesa dos "merdeiros" ou "escabicheiros" do noso barrio de pescadores, figuras que satirizaban ou parodiaban cruelmente aos campesiños que viñan a Vigo a limpar os pozos negros e recoller o escabiche, os refugallos do peixe no peirao do Berbés, co que estercaban as súas leiras. Unha máscara desaparecida a partir de 1936, que pretendía ridiculizar de forma festiva, e algunhas veces provocadora, aos campesiños nun ambiente netamente mariñeiro.

Tivemos noticia dela pola noticia aparecida no libro de Federico Cocho que recollía a descrición realizada por Vicente Risco e debuxada nos traballos etnográficos publicados polo entrañable Xoaquín Lourenzo. A miña proposta foi axiña recollida polo Plan Comunitario de Teis que intentaron reiventar o humilde disfrace de merdeiro: camisa branca arremangada, chaleco e pantalón de pano a xogo, polainas e zapatillas brancas. Máscara de confección ben sinxela que, se seguísemos a descrición de Risco e Lorenzo, debería enriquecerse na parte posterior do chaleco cunha aplicación de tea que, semellante a dos cigarróns ou a dos peliqueiros, representase símbolos astrais ou animais: o sol, a lúa, un burro, un galo, unha galiña... Tampouco habería que esquecer o pucho de pano branco cunha tira vermella ou verde no bordo e un sol ou unha lúa de pano ganduxada no alto.

A imaxinación que se lle queira botar e as novas tecnoloxías da costura e dos tecidos poden levar a insólitas variacións na fasquía desta máscara de entroido, xenuinamente viguesa, que protexía as súas partes co peluxe dunha vasoira ou cunha ristra de cebolas, pendurada dun cordel atado á cintura sobre unha faixa azul, verde ou encarnada. Sen esquecer que non lle pode faltar unha vara ou un



farol, que poden ser substituídos polo mango dunha vella vasoira ou por unha verza, xa que gostaban de vagar en solitario polas rúas, choutando, como fan os Troteiros de Bande, diante da xente e botando para diante o seu colgarexo.

Hai dous anos volvimos no *Faro* sobre a cuestión dando noticia de que a recuperación do disfrace dos merdeiros de Vigo parecía un feito consolidado grazas á iniciativa da Asociación Cultural A Revolta do Casco Vello (Real 32) e ao traballo de investigación e divulgación de Gerardo González: tivemos oportunidade de coñecer a cinco merdeiros trouleando polas rúas do Vigo vello. Este ano 2008, como se pode comprobar na foto, os mozos mozas da Revolta volverán saír este domingo e martes de Entroido. Beizóns, para estes novos escabicheiros!

Estes días daremos outras notas sobre a historia do entroido tradicional vigués.

Etiquetas: Merdeiros\_Vigo

Marcadores: Festas, Vigo

POSTED BY BRÉTEMAS AT 30.1.08 1 COMMENTS  

Con que nome se coñece a máscara tradicional do Berbés?

.....

Cal era o obxectivo dos "merdeiros"?

.....  
.....

Describe como é o disfraz dos "merdeiros"

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

En que parte do disfraz aparecen representados símbolos astrais ou animais?

.....

Busca do dicionario o significado da palabra "Satirizar"

.....  
.....  
.....

Busca no texto e escribe dous verbos da 1ª conxugación, dous da 2ª e dous da 3ª conxugación

1º conxugación.....

2ª conxugación.....

3ª conxugación.....

Busca no texto todos os adverbios rematados en -mente

.....  
.....

Investiga e di de que lugar de Galicia son típicos os Cigarróns e os Peliqueiros

.....  
.....  
.....

Como sabemos da existencia dos "Merdeiros"

.....  
.....  
.....

Debuxa un MERDEIRO axudándote da descrición que ten no texto.

### SOPA DE LETRAS 3º CICLO



Busca nesta sopa de letras as seguintes palabras relacionadas co entroido vigués:

Merdeiro, escabicheiro, mariñeiro, ñanrego, berbés, refugallo, esterco,  
farol, vara e vigo

B	X	N	R	F	Q	M	U	Y	P	D	N	X	D	I	G	X	D	A	F
L	G	Z	W	V	H	Y	S	O	S	L	N	O	E	Y	V	O	Z	B	P
R	N	M	S	G	R	K	T	K	P	O	W	Z	Q	S	X	N	G	W	Z
Q	P	B	I	C	R	P	E	U	M	R	Y	M	A	K	Y	R	D	E	R
W	Z	Z	X	C	U	L	G	E	K	A	K	P	R	U	A	I	F	V	X
Q	S	C	X	E	G	A	K	B	N	F	O	L	L	A	G	U	F	E	R
Y	K	O	Z	O	Z	B	B	Z	X	J	X	L	L	J	X	Z	D	N	Z
O	Z	I	P	Z	M	R	A	Y	W	P	P	S	E	B	R	E	B	R	R
C	K	D	I	M	F	E	V	U	I	L	D	L	P	Z	M	Y	B	L	T
R	K	F	I	Q	Y	G	F	P	J	F	R	I	G	Q	P	A	W	M	H
E	W	Z	E	T	G	O	O	G	F	K	I	L	S	V	O	I	Q	W	W
T	V	A	W	K	P	Y	V	I	O	R	I	E	D	R	E	M	H	L	B
S	B	V	H	V	H	O	L	A	M	S	P	C	X	F	W	X	J	T	M
E	W	I	T	I	Q	H	F	F	R	G	C	N	I	Y	R	X	R	K	L
D	Z	E	S	G	R	A	Q	G	T	A	C	M	T	J	L	L	Q	P	R
G	Z	V	V	O	R	B	X	T	G	U	W	Q	S	D	W	A	C	J	M
H	U	K	B	Q	N	A	S	O	R	I	E	H	C	I	B	A	C	S	E
O	M	A	R	I	Ñ	E	I	R	O	F	O	B	I	P	G	K	C	R	K
O	C	Z	T	G	J	O	C	T	T	D	O	I	K	N	Z	Z	O	A	K
Y	W	R	Z	H	W	I	O	K	Q	Y	C	H	A	O	T	W	J	K	O



Le con atención o seguinte artigo publicado no xornal Faro de Vigo

Faro de Vigo »

farodevigo.es » Opinión

Do deus Momo aos merdeiros

Manuel Bragado

Hoxe domingo de Entroido rúan todas as máscaras galegas, dende os peliqueiros de Laza, os cigarróns de Verín, os pantallas de Xinzo, os felos de Maceda e Maside, os troiteiros de Bande, as damas e os xigantes de Entrimo, os foliós de Manzaneda e Viana do Bolo, os irrios de Castro Caldelas, os bobos de Beariz, os charrúas de Allariz, os labardeiros de Toén, os fargalleiros e zamarreiros de Valdeorras, os farricoques de Nogueira de Ramuín; pasando polos zalapastráns, os espantallos, os marafois das terras do Bierzo, os volantes de Chantada, os gamachiños ou demachines e zarralleiros das Mariñas, os folequeiros da Corda lucense, os choqueiros da Arousa; até os elegantes correos e xenerais da ribeira do Ulla, os momadas e lanceros de Cotabade e as madamas e galáns de San Hadrián e Santa Cristina de Cobres.

Trabucaríamonos se pensamos que o Entroido galego é unha festa tradicional exclusiva da cultura agraria. Existe, tamén, co mesmo pulo en Galicia un carnaval urbano, de tradición italiana, no que se realiza un culto ao bonito en lugar do grotesco e irreverente, onde as modestas comitivas de aldea se substitúen polos elegantes desfiles de carrozas e comparsas e onde, en definitiva, o espectáculo e a exhibición fastuosa ocupa o lugar da espontaneidade das pequenas comunidades agrarias. Este foi, tamén, o caso do Carnaval vigués dende hai máis de cento trinta anos, data da que temos as primeiras noticias impresas da súa celebración, coincidindo co emerxer dunha pequena vila mariñeira, arremuiñada sobre un porto corsario e mariñeiro, que dende entón se foi transformando na punxente cidade industrial que coñecemos. Lisardo Barreiro dá conta no seu libro "Esbozo y siluetas de un viaje por Galicia" do desenvolvemento do programa do Carnaval vigués de 1877: "En poucas cidades rendirase culto tan afervorado ao deus da risa e a loucura, como na encantadora cidade de Vigo. Mais non se festexa o Carnaval alí como adoito acontece en moitos pobos, usando a frase chocarreira e malsoante, o chiste de pouco gusto e os máis estrambóticos atavíos dunha indumentaria zarapastreira. O Carnaval alí tómase en serio, e as brincadeiras e as mascaradas resultan verdades como templos, [...] segundo o dicir vulgar, como críticas aceiradas e intencionadas dos nosos políticos. Neste sentido, a festa de carnestolendas na 'perla dos mares' (sic) exerce unha benéfica e relativa influencia no progreso...". Aquel Carnaval vigués de 1877 era organizado pola chamada "Sociedade Carnavalesca", unha entidade privada encargada de preparar os desfiles dunha grande Comparsa o domingo e o martes de entroido. O Campo de Granada (ao pé do castelo de San Sebastián, hoxe Casa do Concello), onde estaba colocado un grande arco de triunfo, era o punto de saída dunha comitiva, que baixaba pola rúa do Pracer, seguía por Príncipe, a rúa do Ramal (hoxe Colón) e Vitoria, para chegar á Alameda, onde nun gran catafalco agardaba o deus "Momo", o rei do carnaval vigués, "olimpicamente embutido na monstruosa boca dun dragón", acompañado da súa corte de damas e demos. Abrían semellante Comparsa esmorgueira "cinco magníficos guerreiros armados de punta en branco até os dentes e montando soberbios alazáns, perfectamente engaldrapados", tras dos que aparecían catro trompeteiros de guerra dacabalo, unha banda de música de "pomponets" e un grande estandarte onde se podía ler "Ao noso magnífico e Poderoso Señor Deus Momo". A continuación, desfilaban os deuses do Olimpo, "un grupo precioso formado por doce personaxes que en cadanseu carro, ricamente adornado, representarán os deuses mitolóxicos-bufos, pola orde seguinte: Orfeo, Esculapio,





<http://dl.dropboxusercontent.com/u/14722558/ENTROIDO/entroido.html>

[http://dl.dropboxusercontent.com/u/13783708/librolim\\_entroido\\_tradicional/lim.swf?libro=o\\_entroido\\_tradicional\\_galego.lim](http://dl.dropboxusercontent.com/u/13783708/librolim_entroido_tradicional/lim.swf?libro=o_entroido_tradicional_galego.lim)

<http://www.chiscos.net/almacen/lim/entroido-anam/entroido-anam.html>

<http://engalego.es/almacen2010/lim10/c39/entroido1/lim.swf?libro=entroido.lim>

<https://dl.dropboxusercontent.com/u/6077771/entroido/index.html>

[http://centros.edu.xunta.es/ceipopombal/actividades\\_lim/entroido/entroido.html](http://centros.edu.xunta.es/ceipopombal/actividades_lim/entroido/entroido.html) (MOR) (R03)